



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CESANTES
27 DE DECEMBRO DE 2017

ORDE DO DÍA

Único.- Acordo continuación muro.

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e trece minutos, do día vinte e sete de decembro de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- Fernando González Fontán representante das asociacións veciñais e a súa suplente M^a. Magdalena Ramonet Otero
- Jaime Piedras Couñago, representante das asociacións culturais
- Carlos González Domínguez, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Manuel Nieto Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das entidades deportivas
- Clemente Bastos Estévez, representante do colectivo do mar

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

Único.- Acordo continuación muro.

O Presidente explica que se celebra o consello para someter a votación o tema do muro.

Manuel Nieto Cabaleiro, comenta que eles se van a inclinar polo que vote a maioría.

Fernando González Fontán comenta que a obra está feita cos orzamentos participativos 2017 e pregunta porqué se escolleu a esa empresa para facela.

O Presidente lle contesta que o Concello solicitou varios presupostos e o adxudicou a esa empresa.

Fernando González Fontán comenta que se a empresa se comprometeu a facer o muro, a eles non lles dan as contas dos metros e da pedra.

O Presidente lle indica que o que fixo o informe foi o aparelador. Comenta que se queren máis información que vaian ao Concello e falen con el que llo explica sen problema.

Fernando González Fontán lle pregunta canto vai a costar.

O Presidente lle responde que o total dos presupostos participativos 2017.

Fernando González Fontán lle pregunta se van regular as canalizacións de auga, e demais servizos.



CONCELLO DE REDONDELA

Clemente Bastos Estévez comenta que pensaba que se trataba doutro muro. Parécelle boa obra e hai que ter en conta as instalacións da zona para non volver a levantar.

O Presidente lle explica o tema do muro xa que no anterior Consello o Sr. Bastos non asistiu e non sabía de que se trataba.

Fernando González Fontán comenta que varios veciños da zona están preguntando porqué a ese veciño lle fan o muro e a outros non.

Manuel Nieto Cabaleiro dille a Sr. González Fontán que nas súas observacións ten razón pero non nas formas. El tamén quere saber se van facer canalizacións, porqué se lle fai o muro a ese veciño e a outros non ou canto cedeu esa parcela.

O Presidente lles contesta que nesa estrada ese o punto máis estreito e perigoso onde non pasa un coche por outro, por iso se acordou no consello facer ese muro. Nesa zona, na estrada da praia, xa se falou con Adif e cederon na vía. Ademais, no consello parroquial se reclamou seguridade na zona do prescolar e con esa obra se está mellorando. Se falou co propietario do terreo, estaba de acordo, e se fixo a cesión estipulada pola normativa nesa zona. Ademais, indica que xa se falou con outros veciños por se nun futuro estarían de acordo en ceder para anchar outros tramos estreitos.

Clemente Bastos Estévez engade que se os veciños non queren ceder, hai mecanismos legais para obrígalos, que lle expropian. Era o que tiñan que facer na estrada de Catapeixe.

Fernando González Fontán pregunta se van asfaltar a rampla, o acceso, para o propietario.

O Presidente lle contesta que, se dan os participativos para rematar a obra, se lle vai a facer o acceso para a parcela porque xa tiña un acceso.

Sometese o asunto a votación, sendo o resultado o seguinte:

- Votos a favor: 1 (Clemente Bastos Estévez)

- Votos en contra: 3 (Francisco J. Táboas Carrera, Fernando González Fontán, Carlos González Domínguez)

- Abstencións: 4 (Jorge Rodríguez Crespo, Jaime Piedras Couñago, Arsenio Martínez Ricón e Manuel Nieto Cabaleiro)

Polo que se acorda pola maioría dos presentes non rematar a obra cos orzamentos participativos do ano 2018.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.